

CONTRATOS POSDOUTORAIS

XUNTA DE GALICIA

MODALIDADE A

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO.

ANO 2016

No [Diario Oficial de Galicia do día 4 de marzo de 2016](#) publicouse a orde do 18 de febreiro pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral **modalidade A**.

O contrato desta modalidade será dun **máximo de dous anos** de duración, para a realización de estadias no estranxeiro, e un **contrato de retorno dun ano de duración** nunha universidade do SUG.

PROCEDEMENTO DE FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, pero terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto estableceuse o seguinte **procedemento de presentación de solicitudes**:

A).-Serán os **CANDIDATOS** os que deberán cumprimentar a solicitude e subir a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia para o que seguirán os seguintes pasos:

PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE (ANEXO III)

1. Premer no seguinte enderezo electrónico. **Recomendase a utilización do navegador Internet Explorer** :
<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=ED&codProc=481B&procedemento=ED481B>
2. A continuación debe premer en: **Iniciar presentación na Sede electrónica**.
3. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:
 - a. **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
 - i. **RAZON SOCIAL:** UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
 - ii. **NIF:** Q1518001A
 - iii. **TIPO DE VÍA:** RÚA

- iv. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- v. **NÚMERO:** S/N
- vi. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- vii. **CP:** 15782
- viii. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- ix. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- x. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- xi. **TELÉFONO:** 881816201
- xii. **FAX:** 881816203
- xiii. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.posdoutorais.xunta@usc.es

b. E NA SÚA REPRESENTACIÓN (Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a solicitante)

- i. **NOME:** Nome do/a solicitante
- ii. **PRIMEIRO APELIDO:** Primeiro apelido do/a solicitante
- iii. **SEGUNDO APELIDO:** Segundo apelido do/a solicitante
- iv. **NIF:** NIF do/a solicitante
- v. **EN CALIDADE DE:** SOLICITANTE

c. ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

- i. **TIPO DE VÍA:** RÚA
- ii. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- iii. **NÚMERO:** S/N
- iv. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- v. **CP:** 15782
- vi. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- vii. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- viii. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- ix. **TELÉFONO:** 881816201
- x. **FAX:** 881816213
- xi. **CORREO ELECTRÓNICO:** oit.predoutorais.xunta@usc.es

d. DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

Deben encherse os campos cos datos persoais do candidato/a

e. A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Débase marcar que esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

f. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE.

Debe marcar a documentación que se presenta.

g. A continuación debe PREMIER en GARDAR (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en PRESENTAR (se a continuación quere anexar a documentación).

PASO 2: ANEXAR DOCUMENTACIÓN

Para iniciar o anexo de documentación debe premer no botón **PRESENTAR**, aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de aí deberá proceder a subir os seus documentos.

MOI IMPORTANTE: Recomendase que os documentos estean en formato pdf. Que o título sexa curto, sen acentos e sen guiños.

Unha vez anexados todos os documentos debe premer en **GARDAR** e despois en **SAIR**, para volver á páxina de borradores.

PASO 3: OBTENCIÓN DO CÓDIGO DE ACCESO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA USC

A continuación debe premer en **BORRADORES**, e despois no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. **Debe imprimir a pantalla por duplicado e presentalo nos lugares indicados mais abaixo.**

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMIER A TECLA ENVIAR

B).-A documentación que deben subir á SEDE os interesados polo procedemento arriba indicado é a seguinte:

- Anexo V:
 - Documento asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda aceptando a súa candidatura e conforme a presenta por unha única entidade solicitante no ámbito desta convocatoria
 - Declaración opcional da persoa candidata a ser destinataria da axuda do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade

- Declaración da rama de coñecemento e da área temática ás cales se adscribe a persoa candidata a ser destinataria da axuda
 - Declaración responsable de non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais I2C, nos programas Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e que o plan de estadía que se propón non se desenvolve: no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutor que lle deu acceso ao programa, ou nun país no que se mantivera unha relación laboral no campo da investigación
-
- Documento asinado polo responsable ou coordinador do grupo de investigación aceptando á persoa candidata a ser destinataria da axuda no seo do equipo de traballo ([anexo VI](#)).
 - Documento asinado polo Director do departamento, unidade de traballo ou equivalente, manifestando a súa conformidade para a integración no seu departamento, unidade de traballo ou equivalente da persoa candidata a ser destinataria da axuda. ([anexo VII](#)).
 - Fotocopia do NIF da persoa candidata a ser destinataria da axuda, só no caso de non autorizar a comprobación dos datos persoais a través do Sistema de Verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que se recolle no anexo V, ou a fotocopia do pasaporte, no caso de cidadáns non comunitarios que non teñan permiso de residencia en España.
 - Copia do título de doutor ou doutro acreditativo de ter alcanzado o dito grao no que conste a data da súa obtención, so no caso de non autorizar a súa consulta ou de títulos que non figuren no rexistro do Ministerio de Educación. No caso de título de doutor obtido no estranxeiro, copia da homologación ou da solicitude de homologación presentada ante o órgano competente.
 - Copia do título de licenciatura, grao ou equivalente. Esta documentación unicamente terá que entregarse se o título de licenciatura, grao ou equivalente foi obtido nunha universidade do SUG e o título de doutor nunha universidade de fóra do SUG e non se autorizou a súa consulta ou é un título que non figura no rexistro do Ministerio de Educación.
 - Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda nun modelo normalizado (formato pdf.) acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados xunto coas copias de publicacións ou documentos científico técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no currículo vitae, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice.
 - Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado polo interesado e o coordinador do grupo de investigación, das actividades que o solicitante propón realizar durante a vixencia do programa.
 - Plan de estadía detallado en que se indiquen os períodos de estadía, a súa duración e os centros de destino escollidos, así como unha xustificación da importancia e relevancia internacional dos centros e grupos de destino para o traballo que se vai desenvolver. As estadías deberán ser dun mínimo de 6 meses en cada un dos centros seleccionados. Este plan terá que estar asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda e o coordinador do grupo que figura na solicitude.
 - Para cada un dos centros de destino engadirase carta de aceptación da estadía asinada polo director do centro ou figura equivalente.

C).-Para que a Universidade poida validar a solicitude, único procedemento para que estea presentada correctamente, unha vez realizados os dous pasos anteriores o interesado deberá ir á páxina de **BORRADORES** e despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. **Debe imprimir esta pantalla por duplicado e presentala** na Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio CACTUS, Santiago de Compostela/Lugo, **antes das 10 horas do día 28 de marzo de 2016** .

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Os candidatos deberán cumprir, na data limite de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Ter o título de licenciado, grao ou equivalente ou o título de doutoramento dunha universidade do SUG. Non obstante as persoas que non acadasen ningunha destas titulacións nunha universidade do SUG tamén poderán optar á axuda, aínda que o número máximo das que se poderán conceder neste suposto non poderá exceder o 10% do total das concedidas.
- Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2010 pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2008, no caso dos titulados que acrediten fidedignamente que se atopaban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 3 anos entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2009.

No caso de que o título de doutor fose obtido no estranxeiro deberá estar homologado segundo o establecido no Real Decreto 309/2005, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior. Para os efectos sinalados neste apartado terase en conta a data de defensa da tese, non a data da homologación.

- Non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais do plan I2C da Xunta de Galicia, nos programas Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda posdoutoral que contemple estadias en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración. Non se permitirá que as estadias propostas se desenvolvan: no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutor que lle deu acceso ao programa, ou nun país no que se mantivera unha relación laboral no campo da investigación.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816218- Fax 881816203
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

DATOS DE INTERESE

Para pedir información da convocatoria ou para resolver incidencias derivadas da mesma pode poñerse en contacto con:

Información da convocatoria

8818 16252

8818 16253

8818 16213

8818 16215

oit.posdoutorais.xunta@usc.es

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2016
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación